



No Diario Oficial de Galicia do 16 de setembro de 2016, publicouse a *ORDE do 6 de setembro de 2016 pola que se convoca o Premio Manuel Colmeiro, para traballos de investigación elaborados desde distintas perspectivas de estudo, que teña como obxecto a Administración pública de Galicia*. Finalizado o pasado día 30 de novembro o prazo para a presentación dos traballos, procede agora o nomeamento do xurado especial que contempla a base sexta da convocatoria, que será o encargado do exame dos traballos presentados e, se é o caso, de elaborar a proposta de adxudicación do premio.

De conformidade coa devandita base veño en nomear como xurado especial ás seguintes persoas:

Presidenta: Dona Sonia Rodríguez-Campos González

Vocais:

Don Luis Míguez Macho.

Dona Patricia Iglesias Rey.

Dona Beatriz Allegue Requeijo.

Don Marcos Almeida Cerredá, que actuará tamén como secretario.

Santiago de Compostela a 13 de xaneiro de 2017.

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza.



Asdo.: Alfonso Rueda Valenzuela